

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA UN CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMENTO NA SÚA MODALIDADE DE ALUGUER SOCIAL DE FINCA URBANA MUNICIPAL, MEDIANTE CONCURSO, PARA USO COMO VIVENDA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTE CALDELAS.

Reunidos no concello de Ponte Caldelas, con data 1 de xullo de 2015, ás 13:30 horas, e unha vez constituída a mesa, convocada por Xunta de Goberno Local o 29.06.15 conforme á composición da mesma, sinalada na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas que rexerá o procedemento de licitación.

Asisten á mesma as seguintes persoas:

Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral

Vogais:

D. Jacobo Barreiro Pimentel – Secretario do Concello.

Dª Maruxa Cabaleiro Cuiñas – Interventora do Concello

Dª Ana Mª Pazos Sánchez – Asistente Social do Concello

Dª Eva Mª Moldes Casal – Educadora Social do Concello

Secretaria: Dª Iria Fernández Peón – funcionaria administrativa do Concello.

Constituída a mesa, procédese a dar conta do Informe de Servicios Sociais, que copiado literalmente di:

“Informe de valoración técnica

a) INTRODUCCIÓN

O 18 de xuño de 2015, con número de rexistro de entrada neste concello, 2355, preséntase solicitude para a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana municipal, para o seu uso como vivenda, no municipio de Ponte Caldelas, ubicada en Caritel, nº: 80.

O número de rexistro será o que se asigne á solicitude como código para gardar o seu anonimato: 2355.

b) AVALIACIÓN TÉCNICA DA SOLICITUDE

1. A solicitude 2355 presenta os SOBRES A e B, coa súa respectiva documentación.
2. O solicitante figura empadroado neste concello cunha antigüidade mínima de seis meses.
3. Non supera o 75% en relación ao IPREM.
4. Carece de vivenda en propiedade.
5. Encóntrase ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.

c) AVALIACION FINAL E PUNTUACION

De conformidade có disposto nos punto 3.1, do mencionado prego de condicións, informo que o expediente **2355 cumpre** cos requisitos a, b, c e d,

Asemade e có disposto no punto 3.2, criterios para a súa adxudicación, alcanza unha puntuación de:

a)	5
b)	0
c) (c.6)	10
PUNTUACIÓN TOTAL:.....	<u>15</u>

Segundo documentación presentada nos sobres A e B, o solicitante cumpre con tódolos requisitos establecidos, debéndose comprobar no momento no que se proceda á adxudicación da vivenda, toda a documentación administrativa e económica correspondente para o cumprimento dos requisitos establecidos no prego de condicións, a día de hoxe falta o certificado negativo de prestacións da Seguridade Social, procede o seu requirimento.

Ponte Caldelas, 25 de xuño de 2015.

A TRABALLADORA SOCIAL

Asdo.: Ana Mª Pazos Sánchez"

Visto o contido do dito informe, pola unanimidade dos membros da mesa, acórdase o seguinte:

Primeiro: Propoñer o seguinte listado provisional de admitidos:

- Expediente **2355**. Puntuación: 15 puntos.

Listado provisional de excluídos: Ningún

Segundo: Establecer un prazo de 10 días para alegacións.

Terceiro: Publicar a presente acta no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Editos do Concello.

Ponte Caldelas, 1 de xullo de 2015

O Presidente,



Vogais,

A secretaria da mesa,